

Plantilla memoria resumo modificacións do GRAO EN COMERCIO

Universidade de Vigo

Aprobado na Xunta de Facultade o 01/06/2023

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

Os cambios no título, aprobados na Comisión Redactora do 30 de marzo e ratificados na Xunta de Facultade do 14 de abril de 2023.

Os cambios realizados divídense en:

1. Actualización das competencias, dos obxectivos do título e do proceso de aprendizaxe do Grao en Comercio para a adaptación á tipoloxía dos resultados de aprendizaxe á citada normativa (RD822/2021). (Véxase punto 2 da Memoria para a verificación do Título de Grao en Comercio)
2. Actualización das fichas de materias do título. Seguindo as recomendacións dos informes de acreditación do título, leváronse a cabo as actualizacións dos contidos. (Véxase punto 4 da Memoria para a verificación do Título de Grao en Comercio)
3. Cambio de denominación de materias para adaptalas á realidade do plan de estudos, con propostas de nomes máis atractivos e atendendo ás recomendacións dos informes de acreditación do título.

MEMORIA VIXENTE Denominación previa	MEMORIA NOVA Denominación Nova
Economía: Microeconomía	Microeconomía
Empresa: Principios de Xestión Responsable	Principios de Xestión Responsable
Empresa: Fundamentos de Márketing	Márketing
Empresa: Fundamentos de Contabilidade	Fundamentos de Contabilidade
Economía: Economía Española e Mundial	Economía Española e Mundial
Empresa: Matemáticas comerciais	Matemáticas comerciais
Socioloxía: Socioloxía do Consumo	Socioloxía do Consumo
Decisións de Investimento no Comercio	Decisións de Investimento
Réxime Fiscal da Empresa	Fiscalidade aplicada
Xestión de aprovisionamentos e distribución comercial	Loxística
Economía: Macroeconomía	Macroeconomía
Decisións de Financiación no Comercio	Decisións de Financiación
Planificación de recursos de información integrados	Xestión de recursos de información na empresa

4. Cambios da temporalidade entre cuatrimestres. Dentro das modificacións para a mellora do título, propóñense cambios na organización das materias, derivados da experiencia de implantación do título, de propostas do persoal docente, alumnado e Comisión redactora.

MEMORIA VIXENTE	Sem	Sem	MEMORIA NOVA Xustificación do cambio
Matemáticas comerciais	1S	2S	Dificultades do alumnado que accede a cursar a titulación con escasa formación en matemáticas. Isto complica a comprensión da valoración matemática de diversos fenómenos financeiros que forman parte dos contidos da materia “Matemáticas Comerciais”. O traslado na temporalidade, do primeiro ao segundo semestre, suporá que o alumnado accederá a esta materia con maior formación matemática, posto que xa terá cursado previamente, no primeiro semestre, a materia de formación básica “Matemáticas”.
Márketing	2S	1S	Co obxectivo de presentar ao alumnado materias específicas da área de Xestión do Comercio dende o primeiro semestre e que o alumnado vaia interiorizando os conceptos de márketing dende o comezo dos estudos.
Socioloxía do Consumo	1S	2S	Para equilibrar contidos e áreas de formación entre os semestres do título
Decisións de Investimento	4S	3S	Para facilitar en maior medida a comprensión e seguimento polo alumnado, esta materia cambia a súa ubicación temporal, do cuarto ao terceiro semestre, co obxectivo de ter unha maior proximidade coa materia de formación básica “Matemáticas Comerciais”, a cal amplía os coñecementos necesarios relacionados cos contidos de valoración financeira
Márketing estratéxico	4S	3S	Mellora da secuenciación de materias de márketing e que non exista tanta distancia temporal entre a primeira aproximación e a segunda. Con este cambio reforzaranse os contidos específicos da área de Xestión do Comercio, necesarios para poder afondar noutras materias dos seguintes cuatrimestres.
Mostraxe aplicada á investigación de mercados	3S	4S	Para equilibrar contidos e áreas de formación entre os semestres do título
Dereito do Traballo	6S	5S	Por coherencia académica e que o alumnado non curse no mesmo semestre dúas materias da mesma área de coñecemento.

Idioma para a Comunicación internacional: Inglés ou Alemán	5S	6S	Proponse o cambio para reforzar o carácter interdisciplinar e simultaneala coa materia "Marketing Internacional". Ao impartilas ao mesmo tempo realizaranse actividades conxuntas nas que se combinan resultados de aprendizaxe de ambas materias.
--	----	----	--

5. Cambio de temporalidade, tipo de materias e módulos.

MEMORIA VIGENTE	Sem	Sem	MEMORIA NUEVA Xustificación do cambio
Economía: Macroeconomía	1S	4S	Os conceptos que se abordan nesta materia requiren dun grao de curiosidade e madurez intelectual polas cuestións económicas de actualidade, que os alumnos de primeiro curso aínda non posúen. Ademais, é conveniente que cursen antes (e non simultaneamente) a materia de Economía Española e Mundial. Na maioría dos graos similares ao de Comercio, a materia de Macroeconomía impártese no 4º semestre, por exemplo a práctica totalidade dos graos en ADE en España, incluídos os da UVigo
Informática Aplicada á Xestión Comercial	4S	1S	Co obxectivo de presentar ao alumnado materias específicas da área de Xestión do Comercio dende o primeiro semestre e intentar baixar as taxas de abandono
Investigación de Mercados	8S Optativa	5S Obligatoria	Todo o alumnado necesita ter coñecementos específicos dos métodos e técnicas de obtención de información para a posterior toma de decisións na empresa, de aí que se propoña como unha materia obligatoria e se adiante de semestre.
Xestión do Comercio exterior	5S Obligatoria	8S Optativa	Dende o Módulo de Xestión do Comercio ofertarase para o alumnado que queira orientarse á saída profesional de xestión do comercio exterior
Mostraxe aplicada á investigación de mercados	Módulo 3	Módulo 2	Cámbiase a adscrición da materia do módulo 3: Xestión do Comercio ao módulo 2: Análise e Formalización do Comportamento Empresarial por axustarse máis a materias do dito módulo.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

Os cambios propostos para o título de Grao en Comercio responden ás necesidades do mercado (xustificadas na memoria de modificación do título), á experiencia dos dez anos de implantación do título e á forte integración coa contorna económica e empresarial, e as demandas que manifestan.

O procedemento posto en marcha para levar a cabo os cambios fundamentouse en tres eixos interrelacionados e semellantes a outros procesos anteriores:

1. Traballo da Comisión Redactora: composta por representantes propostos das áreas de formación presentes no título, na que se presentaron os cambios, debatéronse e chegouse aos consensos para a mellora do título.
2. Consultas externas: contactos cos representantes dos distintos sectores e entidades para coñecer o seu punto de vista sobre as necesidades formativas do alumnado.
3. Consultas internas: escoita continua dos distintos colectivos do centro para ter en conta as súas opinións e puntos de vista.

3 Planificación de implantación (cronograma)

A implantación farase de forma progresiva, curso a curso, tendo en conta o seguinte cronograma:

Ano académico	Curso
2024-25	1º
2025-26	2º
2026-27	3º
2027-28	4º

4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

A continuación amósase o cronograma que reflicte o proceso de implantación da modificación do actual plan de estudos conducente ao título de Grao en Comercio pola Universidade de Vigo, así como a extinción do actual plan de estudos do Grado en Comercio.

Curso	Cursos do plan modificado	Curso extinguido do plan actual	Cursos que se manteñen do plan actual
2024-2025	1º	1º	2º, 3º y 4º
2025-2026	2º	2º	3º y 4º
2026-2027	3º	3º	4º
2027-2028	4º	4º	-

NOTA.-No punto 7 da Memoria establécese o cadro de adaptacións.

5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

Non procede

6 Responsable do título.

D^a Consuelo Currás Valle (Decana da Facultade de Comercio)